



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

RESOLUCIÓN DO 27 DE DECEMBRO DE 2010 DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS POLA QUE SE APROBA O PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO “RÍA DE CEDEIRA” PARA O ANO 2011.

Antecedentes

O 20 de outubro de 2010, a coordinación da reserva “Ría de Cedeira” remite a esta Dirección Xeral a proposta do Plan de Xestión Integral, trala consulta realizada aos pescadores e mariscadores incluídos no censo da reserva.

O 11 de novembro, dende a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños remitiuse aos vogais do órgano de xestión, seguimento e control da Remip “Ría de Cedeira”, a documentación necesaria para a valoración da proposta do Plan de Xestión Integral.

O día 16 de novembro de 2010 reuniuse o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira” para, entre outros temas, valorar e informar a proposta do Plan de Xestión Integral.

O equipo do seguimento científico da reserva, presente na reunión, informou e asesorou aos vogais do Órgano de Xestión.

Tras a lectura, debate e introdución de modificacións puntuais no documento, acordouse informar favorablemente o texto final para a aprobación pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Así mesmo, o departamento territorial da Coruña achegou o día 18 de decembro os correspondentes informes favorables das relacións de embarcacións e mergulladores que participarán no Plan de Xestión da reserva nas modalidades de mergullo con subministro de aire dende superficie.

Consideracións técnicas e legais

Na reunión do órgano de xestión, seguimento e control, mantida o día 16 de novembro de 2010, o equipo de seguimento científico da reserva emitiu a súa valoración sobre as medidas técnicas a establecer no ámbito da reserva e das posibilidades de pesca dentro dos límites desta para o ano 2011.

O artigo 7 bis do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, recolle que:

- “1. As actividades pesqueiras e marisqueiras recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4 do Decreto 28/2009, desenvolveranse no marco do Plan de Xestión Integral, no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.
2. O Plan de Xestión Integral será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo de informe do órgano de xestión, seguimento e control da reserva.
4. No Plan de Xestión Integral poderán recollerse medidas e/ou normas distintas ás establecidas nas disposicións regulamentarias, co obxectivo de adoptar as medidas de explotación necesarias que permitan conseguir unha explotación racional dos recursos pesqueiros e marisqueiros na reserva.”

O artigo 10 do Decreto 28/2009 refire as funcións do órgano de xestión, seguimento e control, entre as cales consta:

“c) Propoñer e/ou informar as propostas de modificación da normativa reguladora así como dos modelos de xestión e condicións de uso dos espazos desta que leven a un desenvolvemento sustentable das actividades pesqueiras e marisqueiras”.

Segundo o artigo 4 punto 2 da Orde do 18 de agosto de 2010, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”:

“A Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, poderá establecer medidas e/ou normas distintas ás establecidas nas disposicións regulamentarias, co obxectivo de adoptar aquellas que permitan conseguir unha explotación racional dos recursos pesqueiros e marisqueiros na reserva”.

Segundo artigo 6 do Decreto 312/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, correspónelle á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños “as competencias sobre ordenación pesqueira, tanto de carácter profesional como recreativo; ordenación do marisqueo e da acuicultura; establecemento das condicións para o exercicio das actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura mariña; conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños”.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Así pois, á vista dos feitos e das consideracións técnicas e legais, esta Dirección Xeral **resolve**

Aprobar o Plan de Xestión Integral para a reserva mariña de interese pesqueiro de “Ría de Cedeira”, que figura coma anexo a esta resolución, e que entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2011.*

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar de conformidade co disposto no artigos 114 e 115 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2010

O director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



Pablo R. Fernández Asensio

* Este Plan de Xestión Integral estará dispoñible nas paxinas web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com.